



| Teaching Guide | | | | |
|--------------------------|---|--------|--|---------|
| Identifying Data | | | | 2021/22 |
| Subject (*) | Master's Thesis | Code | 613836007 | |
| Study programme | Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013) | | | |
| Descriptors | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits |
| Official Master's Degree | 2nd four-month period | First | Obligatory | 6 |
| Language | SpanishGalician | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | |
| Prerequisites | | | | |
| Department | Letras | | | |
| Coordinador | | E-mail | | |
| Lecturers | Acin Villa, Esperanza Alvarez Caccamo, Celso Maria Cordoba Rodriguez, Felix Fernández Ferreiro, Manuel Lourido Hermida, Isaac Mascato Rey, Rosario Sanchez Palomino, Maria Dolores Sanchez Rei, Xose Manuel Vazquez Veiga, Nancy | E-mail | esperanza.acin@udc.es celso.alvarez.caccamo@udc.es felix.cordoba@udc.es manuel.fernandez.ferreiro@udc.es isaac.lourido@udc.es rosario.mascato@udc.es maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es x.m.sanchez.rei@udc.es nancy.vazquez.veiga@udc.es | |
| Web | | | | |
| General description | Este traballo é de carácter obrigatorio e permite a avaliación dos coñecementos e as habilidades adquiridos polo alumno/a durante a realización do máster, así como a madurez científica alcanzada e a súa capacidade investigadora. O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión dun profesor tutor. O labor de titorización tamén poderá desenvolverse coordinadamente por dous profesores. | | | |
| Contingency plan | 1. Modifications to the contents 2. Methodologies *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy | | | |

| Study programme competences | |
|-----------------------------|---|
| Code | Study programme competences |
| A1 | Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística. |
| A3 | Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística. |
| A5 | Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido. |
| A7 | Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...). |



| | |
|-----|---|
| A8 | Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada. |
| A9 | Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.) |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. |
| B6 | Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos. |
| B7 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| B8 | Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora. |
| B9 | Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais |
| B10 | Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster. |
| C1 | Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Learning outcomes | | | |
|--|-----------------------------|------|-----|
| Learning outcomes | Study programme competences | | |
| Capacidade para formular unha investigación (acoutar o tema, solicitar información e buscar os recursos necesarios, elaborar un protocolo experimental) ou un proxecto que integre e desenvolva os coñecementos adquiridos para a súa aplicación nun ámbito profesional. | AR1 | BR1 | CC6 |
| | AR3 | BR2 | CC8 |
| | AR5 | BR3 | |
| | AR7 | BR6 | |
| | AR8 | BR8 | |
| | AR9 | BR9 | |
| | | BR10 | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |



| | | |
|--|--|--------------------------|
| Capacidade de extraer conclusións dos resultados obtidos e abrir perspectivas de futuro. | BR1 BR2 BR3 BR5 BR7 BR9 | CC3 CC4 CC5 CC7 |
| Capacidade para adaptar o discurso escrito á situación académica, tanto no que respecta ao estilo, a estruturación e o uso de técnicas tipográficas. | BR4 | CC1 |
| Capacidade para adaptar o discurso oral á situación de defensa do traballo. | BR4 | CC1 |

| Contents | |
|--|---|
| Topic | Sub-topic |
| O traballo fin de máster versará sobre algún aspecto relacionado coas materias obrigatorias ou optativas que curse o alumnado. | <ul style="list-style-type: none"> - Os dicionarios en liña e o seu papel nas tecnoloxías lingüísticas - Lexicografía e metalexicografía - Fenómenos que mostran a interfase entre Sintaxe, Semántica e Fonoloxía suprasegmental - Análise do discurso e conflitos sociais e ideolóxicos - Análise do discurso e patoloxías - Estratexias e tácticas de normalización e de planificación aplicábeis ao caso galego - Sociolingüística e políticas lingüísticas - Recopilación e estudo de terminoloxías - Semántica e sintaxe: estudos contrastivos - Tipoloxía textual na rede - Dicionarios e ensino de español lingua estranxeira - Contacto de linguas - Bilingüismo, plurilingüismo e ensino de linguas |

| Planning | | | | |
|------------------------|---|----------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies | Ordinary class hours | Student?s personal work hours | Total hours |
| Oral presentation | B4 C1 C3 | 1 | 0 | 1 |
| Supervised projects | A1 A3 A5 A7 A8 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C4 C5 C6 C7 C8 | 0 | 144 | 144 |
| Personalized attention | | 5 | 0 | 5 |

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies | |
|---------------------|---|
| Methodologies | Description |
| Oral presentation | Exposición verbal a través da que o alumnado presentará o seu traballo e responderá ás preguntas, comentarios e suxestións feitas polo membros da Comisión Avaliadora. |
| Supervised projects | <p>O alumno definirá un tema concreto dentro dalgunha das liñas de investigación do mestrado.</p> <p>O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión do director ou directores do traballo.</p> <p>Son funcións do director: facilitar as orientacións precisas para a elaboración do traballo fin de mestrado por parte do alumno; supervisar a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e a súa adecuación ás presentes normas; e dar o visto bon para a inscrición e a presentación do traballo fin de mestrado.</p> |



Personalized attention

| Methodologies | Description |
|---------------------|--|
| Supervised projects | O/a estudante terá, cando menos, un profesor tutor que guiará a realización do seu traballo. |

Assessment

| Methodologies | Competencies | Description | Qualification |
|---------------------|---|--|---------------|
| Supervised projects | A1 A3 A5 A7 A8 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C4 C5 C6 C7 C8 | <p>Aínda que é obvio que a estrutura do TFM depende en gran medida do tema elixido, aconséllase que inclúa os seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Capa que incluirá, obrigatoriamente, o emblema e o nome das tres Universidades, o nome da Facultade na que está matriculada o/a alumno/a, o nome do mestrado, o título do traballo, o nome do autor ou autora, o visto e prace manuscrito do profesorado tutor co seu nome e o ano de presentación.2. Índice do traballo con paxinación3. Resumo do traballo4. Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada5. Corpo do traballo6. Conclusións7. Referencias bibliográficas <p>O traballo fin de mestrado terá unha extensión mínima de 40 páxinas e máxima de 60, sen contar os anexos. O texto terá un espazo de interliñado de 1.5 e o tamaño da letra será de 12 puntos.</p> | 80 |
| Oral presentation | B4 C1 C3 | <p>O/a estudante disporá de 15-20 minutos para presentar o seu traballo. Recoméndase que inclúa na súa presentación os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">-Introdución: problemática obxecto de estudo e seu interese-Fundamentación teórica: delimitación dos conceptos que fundamentan o desenvolvemento do traballo.-Fundamentación metodolóxica: metodoloxía que se seguiu para o alcance dos obxectivos definidos, e os datos obtidos mediante a súa aplicación-Resultados: principais resultados obtidos <p>É aconsellable que o/a estudante acompañe a súa presentación oral de material de soporte visual, auditivo, etc., por exemplo, mediante unha presentación PowerPoint ou OpenOffice Impress, pero a presentación oral NON pode constituír a mera lectura de devandito material.</p> | 20 |

Assessment comments



IMPORTANTE: Calquera plaxio identificado será motivo de descualificación do TFM. Entenderase por plaxio: calquera cita literal (curta ou longa) presentada como propia (sen comiñas, etc.) e sen referencia da autoría, calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun autor ou autora que non se mencione nas referencias (sexá quen sexa: autor/a individual ou colectivo, dunha publicación impresa ou dun documento electrónico ou de uso restrinxido, páxina web, ou traballo que se está a levar a cabo por parte dun compañeiro ou compañeira, etc.).

Sources of information

| | |
|----------------------|---|
| Basic | Serán proporcionadas polo director do traballo. |
| Complementary | |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.